

# CUNQUEIRO E A CULTURA CATALÁ

Basilio Losada

Universitat de Barcelona

doi:10.17075/mucnoc.2014.060





Teño para min que deste encontro no Institut d'Estudis Catalans coa participación de galegos e cataláns pode saír unha consideración, nada circunstancial, sobre o pendor que sentiu sempre Cunqueiro por Catalunya e do afecto co que sempre foi recibido nesta terra. Podemos centrar o tema nesta pregunta: Cal era a razón desde pendor de Cunqueiro por Catalunya e o seu amor, demostrado, pola lingua deste país?

Penso que a resposta é moi sinxela: en Barcelona, tiña editores con potencia económica que non achaba en Galicia, e tiña un grupo de amigos escritores e críticos literarios que presentaban nos xornais a súa obra con certo relevo. Tratei eu moito a Guillermo Díaz-Plaja, a Juan Ramón Masoliver, a Antoni Blanch entre outros —todos eles figuras no parlamento dos Premios de la Crítica. Tratei menos a Perucho e a Néstor Luján. Cunqueiro tiña acceso ás tribunas prestixiosas da cidade, onde o oín falar cando eu non sabía, ou sabía pouco, da súa obra literaria. Eran os anos 50 —non podo asegurar exactamente cando foi que Cunqueiro falou no Conferencia Club, no Hotel Ritz —penso que foi o seu primeiro triunfo en Barcelona— e tempo despois no Instituto do Teatro, dirixido daquela por Díaz-Plaja. Tamén falou varias veces no Centro Galego e foi entón cando Manuel Casado Nieto me presentou a Cunqueiro. Casado Nieto, presidente do Centro Galego e fiscal na Audiencia era un punto forte na vida cultural de Barcelona. Casado con Eva Martínez-Carmona, escritora tamén, moi celebrada daquela, emparentou con Cunqueiro cando este apadriñou a neniña Eva, filla dos Casado-Martínez Carmona. Cunqueiro remesaba todos os anos un agasallo do Nadal: dous capós de Vilalba para o seu compadre Manolo. Foi na casa de Casado Nieto onde tratei a Cunqueiro, por máis que foi co escritor do grupo Galaxia co que menos relación tiven.

Casado tiña, en parte pola súa condición de xurista prestixioso, unha relación moi afectuosa cos editores barceloneses —Caralt, Lara, Vergés e algún máis— e foi esta relación a que lle abriu a Cunqueiro as portas de Argos —dirixida por Ignacio Agustí— e Destino —baixo a actividade incesante de Vergés. Na miña relación, afirmada logo coas visitas de Cunqueiro ao Centro Galego, que presidía

Manolo Casado e onde eu fun secretario durante moitos anos, descubrín que Cunqueiro non era o home ledo e divertido, mesmo un tanto pándigo, bo cata-dor de viños, queixos e outras amenidades. Deume sempre a impresión dun home melancólico, con certo abatemento e cunha preocupación case obsesiva pola súa obra. Era este «disfrace da melancolía» un dos temas dos que fala Anxo Tarrío nun suxestivo libro seu sobre Cunqueiro. Moitos anos despois, lendo as cartas de Cunqueiro ao seu editor galego Fernández del Riego, descubrín no escritor de Mondoñedo unha preocupación e certo desalento pola recepción da súa obra en Galicia, coa demanda a del Riego para que activase críticas favorables, referencias nos xornais... E tamén percibín certa desesperanza diante as posibilidades de que coa súa obra puidese vivir co desafogo económico que a calidade do seu labor merecía. Foi este recoñecemento crítico e económico o que Cunqueiro atopou en Barcelona.

A recepción crítica en Galicia mantivo certas reticencias moi sostidas. Poderíamos dicir que a súa obra foi acollida con interese e con certas reservas vinculadas á situación cultural, prendida daquela por certos apriorismos políticos. Considerábase a súa obra «literatura de evasión» nun intre en que supuñamos todos que Galicia tiña outras urxencias. Podemos meditar sobre algunhas opinións sorprendentes. Carballo Calero, o crítico máis informado nas nosas letras, di que na obra de Cunqueiro «o ben e o mal perden a súa carga ética para transformarse en brillantes e deleitosos motivos». Para outros, a súa literatura resultaba un «alucinóxico que nos leva a un paraíso artificial». Máis dura era a crítica asentada sobre os mencionados apriorismos políticos, dos que, dun xeito ou doutro, todos estabamos marcados. A xente nova non lía máis que «literatura comprometida», non vía que o compromiso coa fermosura e a riqueza expresiva é tamén unha esixencia nos tempos escuros, unha esixencia liberadora que nada ten moitas veces que ver cos alucinóxicos. En definitiva, a creatividade de Cunqueiro nacía fóra de moda. Mesmo un escritor non marxista como Celestino Fernández de la Vega dicía no *Parladoiro* que por aqueles anos publicou *El Progreso* de Lugo: «A literatura de Cunqueiro é, verbo dos problemas do home de hoxe, a carabina de ambrosio», quere dicir: non é nada. Esta opinión afectou moi duramente a Cunqueiro. Oínllo nunha queixa dorida na casa de Manolo Casado Nieto.

A opinión dos novos —que interesaba especialmente a Cunqueiro— foi case unanimemente negativa. Abonda con ler o que di Franco Grande no seu esplén-

dido libro de memorias *Os anos escuros* para atopar referencias a esta actitude nunha parte dos novos escritores galegos: a xeración dos que viviron a Guerra Civil sen consciencia participante ou os que reaccionaban contra o franquismo dos seus pais.

Houbo, con todo, xente da esquerda máis libertaria que soubo ver o inmenso valor literario da obra de Cunqueiro. Penso, por exemplo, en Xosé Luís Mendez-Ferrín. Na obra de X. F. Armesto, *Cunqueiro. Unha biografía*, podemos atopar referencias á incompreensión dalgúns —incompreensión que feriu fundamente a Cunqueiro— e da comprensión entusiasta de moitos, Ferrín entre eles: «Entre os fascinados polo socialrealismo había unha incompreensión absoluta de cara a Cunqueiro». Nestes militantes da cerrazón ideolóxica non estaba Ferrín, que sentiu pola obra de Cunqueiro unha lóxica paixón. Faloume unha vez Cunqueiro dunha carta que lle mandou Ferrín cando o de Mondoñedo vivía xa nos anos próximos á súa morte, abafado polas doenzas, pola vellez e o que el coidaba —posiblemente con exceso— pola incompreensión ante a súa obra. Non vin tal carta, pero Fernández del Riego díxome que el a vira, que Cunqueiro andaba case feliz con ela mostrándolla a todos. Non lembro o teor literal do que me dixo Cunqueiro entusiasmado e agradecido.

Poida que un día se publique tal carta. En Vigo, tiña tamén Cunqueiro amigos xenerosos no seu afecto e nas palabras para manifestalo: os irmáns Casal, Alberto especialmente; Paco del Riego, gran lector de novelas e cun sostido gusto literario, insistiu ante Cunqueiro, durante o seu desterro en Mondoñedo, para que volveuse escribir en galego, e seguiu animándoo sempre.

A incompreensión ante a obra de Cunqueiro viña tamén da dereita. Na Academia Galega, na que dominaban daquela excelentísimos dinosauros, xente de pouca lectura e moita vaidade, o ingreso de Cunqueiro como numerario atrasouse moitos anos, até que os homes de Galaxia puideron abrir as portas. Morreron os dinosauros e Cunqueiro foi recibido —malia todo, con abstencións na votación e cun voto en contra.

Nos poucos minutos de que dispoño —non máis de dez— é difícil precisar máis e dar máis pistas. Nun libro extraordinario, a memoria dun tempo, *Os anos escuros* de X. L. Franco Grande (2ª edición) pódense atopar datos. E, fundamentalmente, na biografía de Cunqueiro que escribiu Armesto.

Co que si contou sempre Cunqueiro foi co entusiasmo e a capacidade de acción de Fernández del Riego, amigo sempre, gran lector e factótum en Galaxia. E co entusiasmo —con certas reticencias en conversas privadas—, de Ramón Piñeiro, que non podía esquecer a inestabilidade emocional que en política manifestou Cunqueiro nos anos da guerra. García-Sabell púxolle un limiar fermoso a *Escola de menciñeiros*.

Non teño tempo para máis. Quero agradecer ao Institut d'Estudis Catalans que me forneceu a posibilidade de falar aquí dun tema conflictivo. Coa miña gratitude tamén aos amigos do Consello da Cultura Galega. Nesta casa, nos anos corenta, pasei eu moitas horas descubrindo Galicia nos fondos bibliográficos galegos, en libros que eu non atopaba en ningures. Deus, ou quen máis mande neste mundo prescindible, vos premie a xenerosidade.